

imos ao cine



Tarefa final: escribir a escena dunha película

Obxectivos

- Descrición de persoas
- Descrición de accións
- Falar de cambios nas persoas
- Vocabulario cinematográfico

1. O cine gústalle a case todo o mundo. Hai pouca xente que se resista a unha historia ben contada. Para seguir coñecéndonos un pouco mellor, imos xogar ás películas.

a. Pensa na túa película preferida.


b. Agora, por quendas, tedes que lle contar ao grupo (máximo 5 persoas) a película, observando as seguintes regras:

- Non se pode dicir o título.
- Non se poden dar nomes de actores, director nin personaxes.
- Só se pode narrar o que pasa.

O resto do grupo ten que adiviñar o título da película. Ide apuntando cal é a preferida de cada un dos membros do grupo.

2. Unha das cousas interesantes das películas é que podemos ver os cambios da xente a medida que pasa o tempo.

Aquí tes unhas fotos dalgunhas persoas coñecidas; tenta escribir os cambios que hai entre a foto 1 e a 2. Non tes por que limitarte aos cambios físicos, podes comentar roupas, peiteados, actitudes ou facer valoracións xerais:





Agora imos poñelo en común no encerado.

3.

Outra das cousas que se fan nas películas é amosar accións dos personaxes.

Imaxina que ti es o protagonista ou a protagonista dun filme e que contas o que fas todos os días cando te levantas un día festivo. Fai un pequeno esquema e despois compárao co do teu compañeiro:

Hora	Eu	Hora	Compañeiro

4. Agora que xa sabemos como falar de cambios nas persoas e describir accións, imos dar un paso máis alá: imos preparar unha película.

A continuación, tes tres propostas de producións de ficción extraídas da web axenciaaudiovisualgalega.org. Le as tres e decide en cal delas queres traballar:

a. Beladona

Descrición

Hai tempo lin nalgún sitio que se consideraba Centauros del desierto como o primeiro western crepuscular, puro cine clásico por outro lado. Trata por primeira vez o filme de John Ford, o desarraigo dos últimos homes do oeste ante a chegada dos novos tempos, as novas ideas, a civilización, o sangue novo. Traslademos todo isto á Galicia da época (1915-1935). No lugar da chegada da civilización, a fuxida cara a esta; o principio da fin do mundo da aldea, das tradicións, da sociedade rural ancorada en normas ancestrais, o comezo da lenda da muller que coa axuda da meiga envelenou o pai incestuoso, o mozo Patricio, equivalente do audaz e inexperto pistoleiro, cinemascopos, rostros endurecidos, longos primeiros planos, contraluces extremos que agochan o rostro do agresor, partitura western (Lalo Schifrin, Bernard Herrmann, Jerry Fielding, Ennio Morricone) en clave folk, violencia, vinganza...

A función social dun cinema combativo ten que ser a de manter viva a memoria social do pasado e fomentar a cultura democrática de respecto e tolerancia. O sentido deste proxecto de longametraxe, Beladona, e o de servir de recordatorio para as xeracións novas e non tan novas, e que estas descubran ou rememoren como era a vida en Galicia nos tempos dos nosos antepasados.

Argumento

Na Galicia rural do ano 1935, vive unha fermosa rapaza nunha decadente casa labrega. O seu vello pai, tras descubrir que a moza está preñada, encérraa baixo chave. Patricio é o adolescente namorado que acode diariamente á casa da cativa. Axeónllase no chan e berra o nome da súa amada: "Esperanza..."

Non lle importa ser recibido a paus polo vello pai, moitas e frescas cicatrices na súa faciana testemuñano. Mais na derradeira visita deste teimudo romeo, ao vello carcereiro váiselle a man coa malleira, ata o punto de facerlle perder o sentido ao rapaz...

Entón a acción desprázase vinte anos atrás. Rosalía é o vivo retrato da que no futuro será a súa filla, a cativa Esperanza. Rosalía vive a existencia normal dunha moza de aldea do 1915. Todo se fai aínda máis duro para ela cando a súa familia se

ve na obriga de vender os bens e de marchar á emigración. A rapaza non acompañará os seus pais e irmá, verase obrigada a casar con Rexino, o fillo do cacique –moito maior ca ela e que a pretende desde moi nova–, condenándoa ademais a renunciar á súa historia de amor con Ernesto, un aposto cantante de orquestra. Á súa vez, na mesma aldea, a vella curandeira tamén verá marchar a súa filla Flora, muller moderna de ideas e actitudes moi adiantadas ao seu tempo, que decide fuxir dese ambiente social asfixiante... A vella curandeira quedará coidando dun bebé, o pequeno Patricio, froito dun furtivo descoído da súa filla Flora con Ernesto, o aposto cantante.

O adolescente Patricio recobra o sentido tras os paus recibidos. A súa avoa curandeira non deixa de maldicir a quen está tratando de tal maneira o seu neto. E a bela Esperanza asiste desde o seu encerro a tan triste espectáculo, ata que decide confesarlle á súa nai un terrible segredo relacionado co seu embarazo. A nai, abraiada polo que escoita, acode á vella curandeira para pedir consello. Entre as dúas mulleres deciden envelenar a Rexino, o pai carcereiro, cun preparado de Beladona, para poder así deixarlle un camiño aberto á nova parella e a esa criatura inocente que está por chegar ao mundo. Esa mesma noite, Rosalía bota o veneno na cea de Rexino e este cae derrubado.

Os rapaces foxen por fin. Pouco antes do amencer, Rosalía, arrepiada e desolada pola súa sorte, decide quitarse a vida. Pero o home inesperadamente revive e, tras descubrir a manobra do veneno, fai o labor que a súa pobre esposa tiña en mente. E mátaa. A continuación, armado cunha escopeta, lánzase nunha desesperada carreira na procura da súa filla. Xa é demasiado tarde, a parella de rapaces levan tempo de vantaxe.

Hai horas que cruzaron a ponte romana por riba do río. Impotente, o pai descarga a súa arma de fogo ao aire, cae derrotado de xeonllos no chan e berra desesperado o nome da muller que perversamente ama: "Esperanza..."

b. O fillo do trebón

Descrición

Trátase de narrar un feito verídico, a vida pública –principalmente a súa caída–, aínda que ficcionada, do bispo Prisciliano de Ávila, cuxas doutrinas puideron mudar o curso da Igrexa católica e, xa que logo, da civilización occidental.

Argumento

Varios peregrinos acompañan a Prócula, transportando tres ataúdes de madeira. Flash-back a...

Prisciliano é xa un profeta recoñecido que move as masas, entre ricos, pobres e, sobre todo, mulleres ás que defende sen paliativos. A súa intención é reformar a nacente Igrexa católica. Urbica, curandeira e curmá de Prisciliano, está namorada del, aínda que o líder relixioso non a corresponde. Hixinio, bispo de Córdoba, despois de violar a Urbica, traizóao desencadeando a ira de Hidacio de Mérida, decano da Igrexa de Hispania.

Prisciliano, ofendido pola reacción do bispo de Mérida, enfróntase a el. É aldraxado e sofre unha malleira. Ferido, refúxiase na casa do seu amigo Tiberiano, aproveitando para escribir o seu Liber Apologéticus, un manifesto da súa fe. Urbica cóidao amorosamente. Tiberiano, pai de Avita, unha meniña xordomuda que ten a súa virxindade consagrada a Cristo, pide en matrimonio a Urbica, mais esta rexéitao para continuar a carón de Prisciliano.

Entra en escena Itacio de Ossonuba, o antagonista ruín e cruel que o perseguirá sen cuartel. A guerra está declarada: celébrase un concilio en Zaragoza. Hixinio retráctase e promove a elevación de Prisciliano á sé da diocese de Ávila, mais o emperador Graciano anula a orde alentado por Itacio. Prisciliano decide visitar o emperador ao que, mediante un suborno, consegue pór da súa parte.

Na viaxe, pasan por Bordeos, onde Prisciliano se une sentimentalmente a Prócula, a filla do seu antigo mestre e preceptor xa falecido. Isto provocará os celos de Urbica que, por despeito, acepta o compromiso matrimonial con Tiberiano. Graciano en Roma concédelle o seu favor e envía a Itacio ao exilio a Tréveris. Prócula fica embarazada, mais unha doenza fará que se debata entre a vida e a morte.

De novo, Prisciliano chama a súa curmá para que trate de sandala. O único remedio para salvar a nai é provocarlle un aborto. Urbica dálle unha apócema a Prócula, sen lle dicir nada a seu curmán. A muller perde o neno. Só Hixinio coñece o segredo da druída galega. Máximo, gobernador da Bretaña, enfróntase a Graciano, vencéndoo e usurpándolle o poder. Traslada a capital do imperio a Tréveris. Itacio volve á carga e consegue que o novo rexente chame a Prisciliano a xuízo.

Todo o séquito priscilianista parte cara a terras xermanas. Urbica, nas rúas de Tréveris, defende con candor seu curmán, polo que é lapidada pola chusma exacerbada. Prisciliano recibe un duro golpe. Tiberiano, ante a dor da perda da súa segunda esposa, enlouquece e viola a súa filla para renegar de Deus.

En plena celebración da vista, Prisciliano, que xa non se defende abatido pola pena, é novamente traizoado por Hixinio, que lle insinúa ao tribunal que o aborto de Prócula foi incitado por Prisciliano. Prisciliano está perdido. É torturado e confesa varias infamias e, entre elas, a bruxería, que implica a pena capital.

Mais, nun último signo da súa arrogancia de santo, entrégalle a súa vida ao verdugo, diante da Porta Negra de Tréveris, como vítima propiciatoria para o perdón dos pecados. Finaliza o flash-back. Prisciliano e dous dos seus seguidores son enterrados nun oculto lugar de Galicia.

Fundido con...

Catedral de Santiago en pleno século XXI. Moitos anos máis tarde, a súa tumba é aínda visitada por millóns de peregrinos de todo o mundo.

c. Monte Pindo/pai non hai máis ca un

Argumento

Galicia, anos 90. Todo comeza cando dous irmáns (na trintena), Narciso e Luís – coñecidos no lugar como Chicho e Lucho– deciden roubar os cartos que o seu pai – O suízo– agocha debaixo do colchón: os aforros de trinta anos de traballo en Suíza, lonxe da muller, Delfina, e dos fillos. Estes van aproveitar que todos os veciños están a ver un partido da selección española (España –Italia, cuartos de final do Mundial USA-94) para entrar na casa paterna e dar o golpe. Pero algo sae mal. Cando están enchendo o saco cos cartos –todo en dólares americanos– aparece o pai cunha escopeta.

Os fillos, tras un agarrada, redúceno e escapan cos cartos.

O suízo, defraudado, sen cartos e sen fillos, pégase un tiro. Delfina, que estaba abaixo cos invitados vendo o partido, descobre o corpo do seu home e ve como os fillos escapan por unha leira. Recolle un billete que quedou atrás –manchado de sangue– e dille ao home morto: estívoche ben, por avaricioso.

Pola vila esténdese o ridículo rumor de que O suízo se matou porque a selección española quedou fóra do mundial. Os fillos non fan nada por desmentilo.

Quince anos despois, os irmáns –e as súas familias– reúnense outra vez. Chicho quedou a vivir en Galicia, na casa paterna, coidando de Delfina quen, enferma de alzheimer, foi quedando sen memoria. Casou con Carme, unha muller forte e independente, coa que tivo dúas fillas: María, de 18 anos, soñadora e namorada dun rapaz da vila; e Lucía, de 9, unha nena que sente devoción pola avoa Delfina. Lucho, pola contra, marchou a vivir a Madrid. Alí casou con Sonia, unha madrileña da urbanita que lle deu a Dani, 15 anos, un rapaz tipo dark-side ao que non lle fai graza ningunha visitar a súa familia galega.

Cando chegan os madrileños, Lucía, a nena pequena de Chicho, escapa ao monte. A casa paterna sitúase ao pé do monte Pindo, unha mole de granito, á beira do mar, con corredeiras onde dificilmente poden chegar os coches. Lucía leva consigo un caderno onde hai debuxos, textos e mapas. Son apuntamentos que lle ditou a avoa antes de perder a memoria: unha especie de plano do tesouro. Na casa, sabedores do teimuda que pode chegar a ser a pequena, deciden ir buscala. Pero alguén ten

que quedar coa vella. Deciden subir os maiores –Chicho, Lucho, Carmen e Sonia– e quedar a coidar da avoa María e Dani, curmáns que apenas se coñecen.

Buscando a nena xorden problemas entre os irmáns. Son pequenas rifas, bastante infantís ou de machotes, que van enturbando a situación. As mulleres reaccionan unha con preocupación, Carme, porque a súa filla está perdida, e a outra, Sonia, con rabia, farta de andar polo monte.

A nena vai deixando sinais do seu paso, cada vez máis evidentes e persuasivas, polo que os maiores axiña se decatan de que está a xogar con eles. Pero a situación cambia cando, despois de varios quilómetros de ascensión por un camiño onde xa nin os coches poden seguir, Lucía deixa como sinal un billete de dólar manchado de sangue. Agora xa non é a nena a que está a xogar con eles. Agora xoga alguén máis.

Xa decidiches? Agora busca unha parella que pensase en traballar na mesma película. Sentádevos xuntos e decide as seguintes cousas, para concretar como realizar a película. Tedes que elaborar un documento común no que se especifiquen as seguintes cousas, tendo en conta que sodes produtores famosos e non hai límites: podeades contratar a quen prefirades e teredes que xustificar a vosa elección.

- Localizacións: onde se van rodar as partes máis relevantes do filme.
- Selección de actores: que actores queredes para cada un dos personaxes.
- Música: pode ser feita para a ocasión ou unha selección de obras xa editadas que pensades que convén para contar a historia.
- Vestiario.
- Dirección de arte: desta parte depende a imaxe xeral da película.
- Lanzamento, *merchandising*: figuras dos personaxes, accións con outras industrias (cómic, restaurantes etc.).
- Dirección: quen vai ser o director.
- Outras consideracións.

Unha vez que teñades claro como levar a cabo a película, ides facer unha exposición para o resto da clase que, nesta ocasión, non vai estar

composta polos vosos compañeiros, senón por un grupo de empresarios que queren investir nun proxecto cinematográfico. Podedes utilizar as ferramentas que creades que son necesarias para conseguir o voso obxectivo, que é convencelos de que paga a pena arriscar os cartos co proxecto. E recordade que non os coñecedes e que queredes dar unha impresión de seriedade e profesionalidade. A película que teña máis votos ao final das presentacións será a que fagamos todos.

Algunhas das ferramentas que se poden usar para convencer os empresarios:

- Uns actores dos que enchen os cines.
- Un equipo artístico con historia de éxitos.
- Unha boa estratexia publicitaria.

5.

Agora que a clase xa ten unha película que facer, hai moito traballo por diante. Por sorte, nós imos facer só o guión, os diálogos dunha escena.

a. Cada parella escolle unha escena da película na que interveñan dous personaxes. Ex.: Rosalía dille a Ernesto que vai casar con Rexino (a), Prisciliano suborna o emperador (b), Chicho e Lucho falan por primeira vez despois de quince anos (c). Estes son casos centrais, a escena pode ter lugar entre secundarios ou en momentos menos decisivos da película.

b. Poñédevos de acordo co profesor para que non haxa escenas repetidas.

c. Escribide os diálogos. Tede en conta que os personaxes viven en épocas diferentes, teñen diferente extracción social, cultural e xeográfica. Ten que ter indicacións claras de como actuar.

d. Intercambiade o guión coa parella máis próxima. Eles serán quen a interpreten. Teñen que preparar a actuación: poden ensaiar e vós indicádeslles os cambios que vedes necesarios. Eles farán o mesmo con vós. Incorporade as correccións e as novidades ao guión escrito.

e. Imos representando as escenas de cada parella, cunha pequena introdución que facilite a posta en contexto de cada unha delas dentro da historia.



Guía para o profesor

1. Os materiais están pensados como unha guía para levar a cabo unha tarefa final. As instrucións gramaticais, exercicios de reforzo ou complementarios pódense introducir en calquera momento do proceso, segundo as necesidades dos estudantes.

Parte dos documentos adxuntos son materiais reais que non foron manipulados co fin de manter o seu formato. Nin o autor nin a Secretaría Xeral de Política Lingüística poden garantir a corrección informativa ou textual deste.

2. Os materiais para incluír no informe desta unidade son os seguintes:

- Ficha de autoavaliación.
- Todo ou parte do material comercial da actividade 4.
- Os diálogos finais da actividade 5.

Data:

Lugar:

Nome do curso:

1. Cousas nas que mellorei nesta unidade:

	Que	Como
Palabras novas		
Expresións novas		
Novas cousas que podo facer en galego		
Coñecementos gramaticais		
Cousas sobre Galicia		
Outras cousas		

2. Do que fixen, que vou gardar no meu cartafol?